


Nesta terra que fai testamento,  
que acolle os lamentos e anima a olvidar,  
infectada de sangue usureiro,  
caciques modernos, mecenas do mal.

## tempestades de sal



Só se calma o ruído da raiba  
coa força que queima na gorxa ao berrar:  
queremos curar a fendedura,  
olvidar a tristura e voltar comezar.

Vivo dentro dun monte de area  
tinguido de brea que non limpa o mar,  
coa esperanza de tomar alento  
para ver o momento de nos libertar.

Mais aínda seguimos aquí  
a aturar tempestades de sal,  
resistindo a violencia de mans  
desas serpes e cans  
que nos queren calar.

Compañeiras nos soños do Edén,  
unha illa no medio do mar,  
que iluminan o loito máis negro,  
que esquece o desterro e o medo a  
loitar.

Cando as marcas se gravan a ferro  
e a dor e a xenreira non deixan sorrir,  
as penurias van alén da fame  
falta a identidade que axuda a vivir.